

BASES DO XXI CERTAME DE POESIA EN LINGUA GALEGA ROSALÍA DE CASTRO

1.- O poema estará escrito en lingua galega e terá un mínimo de TRINTA e un máximo de CEN versos. Admitíranse conxuntos de poemas de temática común, sempre que non excedan dos CEN versos.

2.- Os traballos enviaranse en sobre sen remite e sen indicación algunha referente á personalidade do autor, ó enderezo da Asociación: Rúa Federico Soler, 71, 08940-Cornellá (Barcelona). Noutro sobre pechado figurará no exterior o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará: Nome e apelidos, enderezo, DNI, teléfono e correo electrónico do autor.

3.- Deberá enviarse sete copias dos poemas antes do día 15 de OUTUBRO de 2007.

4.- A A.C.G. Rosalía de Castro nomeará ó Xurado entre personalidades relevantes da creación e da crítica.

5.- O veredicto dos premios darase a coñecer nas Xornadas Culturais a celebrar no Outono de 2007.

Os poemas premiados será editados pola Asociación na forma ou medio que considere conveniente.

6.- Os premios consistirán:

1º premio: 1.500 €

2º premio: 400 €

3º premio: 300 €

7.- Os premios entregaranse na Asociación Cultural Galega “Rosalía de Castro”, unha vez realizado o fallo por parte do xurado.

8.- O feito de concursar, supón acepta-las resolucións do xurado así como as bases do Certame. Non se devolverán os orixinais

9.- A Asociación C. G. Rosalía de Castro resérvase o dereito de publicar calquera dos traballos presentados ó concurso, na forma ou medio que considere oportuno.